

**Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña**

Con data do 9 de setembro de 2020 ditouse por Alcaldía o Decreto nº164/2020 polo cal se aprobaban as Bases para a contratación de persoal laboral temporal de varios profesores da Escola Municipal de Música do Concello de Negreira. Na base quinta das referidas bases establécese que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución que declare aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as e que os/as aspirantes excluídos/as disporán de dous (2) días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso selectivo.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO

PRIMEIRA-. De acordo co disposto na base 5ª das que rexen os procesos de selección e ao non haber ningún aspirante excluído, apróbase a listaxe definitiva de persoas admitidas que é a que segue:

PROFESOR DE FRAUTA TRAVESERA:

NOME E APELIDOS	DNI	ESTADO
A.T.M	****713F	ADMITIDO

PROFESOR DE FRAUTA CLARINETE:

NOME E APELIDOS	DNI	ESTADO
V.L.P	****514E	ADMITIDO

SEGUNDA-. De acordo co disposto na base 7ª das que rexen os procesos de selección determínase que o tribunal cualificador estará conformado polos seguintes integrantes:

Presidente (Titular): Vicente Martín Arastey (bombardino solista da banda Municipal de Santiago de Compostela), (Suplente): Raúl Martín Niñerola (director da Escola Municipal de Negreira)

Secretaria (Titular): Sonia Nieto López (Técnico do servizo local de emprego do Concello de Negreira), (Suplente): Patricia Barreiro Casal (Secretaria accidental do Concello de Negreira)

Vogal (titular): David Martínez Lombardía (fruta solista da Banda Municipal do Concello de Santiago de Compostela), (Suplente): Álvaro Lira Gorgal (coordinador de cultura do Concello de Negreira) **Vogal** (titular): Simón Couceiro Rivera (clarinete da Banda Municipal do Concello de Santiago de Compostela), (Suplente): Marcos Pérez Lourido (coordinador de deporte do Concello de Negreira) **Vogal** (titular): Sonia Ponte Esturao (Técnico do servizo local de emprego do Concello de Negreira), (Suplente): José Fernández Ponte (Administrativo do Concello de Negreira).



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

TERCERA- De acordo co disposto na base 7ª das que rexen os procesos de selección determínase que o lugar, día e hora para a primeira sesión constitutiva do tribunal será o mércores 23 de setembro de 2020 ás 16:00 horas no auditorio da Casa da Cultura do Concello de Negreira.

Da mesma maneira determínase que o lugar, día e hora para a proba instrumental específica das persoas candidatas será o mércores 23 de setembro de 2020 ás 16:30 horas no auditorio da Casa da Cultura do Concello de Negreira, e a proba didáctica realizarase o venres 25 de setembro de 2020 ás 16:30 horas no auditorio da Casa da Cultura do Concello de Negreira

CUARTA- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

QUINTA- Dar conta deste Decreto ao Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre

Negreira, 18 de setembro de 20.

Alcalde-Presidente

Manuel Ángel Leis Míguez